

ACORDOS FIN DE FOLGA 26N

ATENCIÓN PRIMARIA

1. Retirada do documento de medidas presentadas polo SERGAS na Mesa Sectorial do 17 Outubro.
2. Retirada de calquera medida relacionada coa homologación do título de Medicina Familiar e Comunitaria.
3. Retirada da categoría FEAP e elaboración dun **plan de reconversión das prazas fixas existentes**. As vacantes puras de FEAP existentes actualmente **transformaranse en Médico de Familia**, e non se farán fixas ningunha das interinidades ocupadas a día de hoxe. Suprimiranse progresivamente as 176 prazas fixas ata acadar a **extinción da categoría a finais de 2029**.
4. Modificarase o cómputo de xornada de PAC previa negociación na Mesa Sectorial para a súa aplicación o **1 de xaneiro de 2026**.
5. Equiparación do valor/hora da xornada complementaria do persoal de **enfermería de PAC** ó valor/hora da garda laborable de **enfermería de ordinaria**.
6. Abono da noite do venres ó sábado coa mesma retribución que a do sábado ó domingo para persoal **médico de PAC** desde 1 xaneiro 2026.
7. Abono da retribución de prolongación de xornada a **persoal de PAC** que a realice desde 1 xaneiro 2026.
8. Incremento de 10 a 15€ da indemnización por manutención ó persoal de PAC desde 1 xaneiro 2026.

9. **Xornada do persoal das unidades e servizos: 35 horas semanais** e **compensación en días libres dos festivos** que **coincidan en sábado** desde 1 xaneiro 2026.
10. Negociación do punto anterior para **outros colectivos que non traballan no ámbito da AP** con semellante réxime de xornada ordinaria (ex: FEAS).
11. Negociación do **réxime retributivo** do persoal das unidades e servizos de AP no primeiro semestre de 2026 para aplicar en 2027. Dentro desto incorporárase o **pago por TIS** modulado por **idade e complexidade** e **garantindo que non haxa perdas retributivas**; e **aplicarase a todas as categorías factores vinculados a condicións de soidade e illamento**.
12. Medidas en materia de **planificación de RRHH**: Negociaranse no primeiro semestre de 2026 as seguintes medidas que serán incorporadas a un **plan de ordenación**:
 - **Implantación de categorías profesionais** necesarias para unha asistencia sanitaria de calidade.
 - **Análise de ratios de persoal por categorías e centros** para coñecer as necesidades reais de efectivos.
 - **Ratios entre medicina de familia e enfermería** como mínimo de **1:1**.
 - Análise detallada de **cargas de traballo en PACS e áreas administrativas**, co fin de incrementar o persoal necesario.
 - **Definición dos postos de difícil cobertura** e establecemento de **incentivos** ó persoal que os ocupe.
13. Convocatoria do **concurso específico de enfermería familiar e comunitaria** en xaneiro, coa finalidade de rematalo no ano 2026. Unha vez resolto, negociación dun **plan plurianual** de **reconversión** de prazas xerais a prazas de especialista. A mesma medida aplicárase a especialidade de **enf. pediátrica**.
14. **Consolidación do taxi** de Atención primaria para domicilios.
15. **Estudo das necesidades de recursos materiais** en centros de saúde e PACS para incluír nos orzamentos do 2027.